

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

13654 *ORDE APA/2442/2006, do 27 de xullo, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa influenza aviaria. («BOE» 179, do 28-7-2006.)*

A gripe ou influenza aviaria altamente patóxena é unha enfermidade infecciosa das aves, incluída na lista do Código Zoonosanitario Internacional da Organización Mundial da Sanidade Animal, causada por cepas A do virus da gripe. As medidas específicas de loita contra a enfermidade están reguladas polo Real decreto 1025/1993, do 25 de xuño, polo que se establecen medidas para a loita contra a influenza aviaria, que traspón a Directiva do Consello 92/40/CEE, do 19 de maio, pola que se establecen medidas comunitarias para a loita contra a influenza aviaria.

Dos distintos subtipos do virus da gripe aviaria, a cepa H5N1 é especialmente virulenta polo que, a raíz dos abrochos da dita cepa, que se iniciaron no Sueste Asiático en decembro de 2003, a Comisión Europea adoptou varias decisións para evitar a introdución desta enfermidade na Comunidade desde os países terceiros afectados. As medidas víronse reforzadas e ampliadas tras a confirmación en diversos Estados membros de gripe aviaria altamente patóxena causada polo subtipo H5N1 do virus A da gripe, mediante diversas decisións comunitarias, a última das cales é a Decisión 2006/474/CE, da Comisión, do 6 de xullo de 2006, relativa ás medidas para impedir a propagación da gripe aviaria altamente patóxena causada polo virus A de subtipo H5N1 ás aves que se encontren nos parques zoolóxicos e nos organismos, institutos ou centros oficialmente autorizados dos Estados membros e pola que se derroga a Decisión 2005/744/CE.

A Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, no seu artigo 8.1, dispón que, para previr a difusión no territorio nacional de enfermidades dos animais de declaración obrigatoria previstas no Código Zoonosanitario Internacional da Oficina Internacional de Epizootias ou na normativa nacional ou comunitaria, en especial, daquelas de alta difusión, ou para previr a extensión de tales enfermidades en caso de existencia de casos sospeitosos ou confirmados ou de grave risco sanitario, a Administración xeral do Estado poderá adoptar todas aquelas medidas preventivas que sexan precisas.

A aparición do primeiro caso de influenza aviaria altamente patóxena no noso país fai preciso adoptar medidas específicas en relación coa enfermidade, que serán de aplicación en España, agás nas partes afectadas por terse declarado un foco da enfermidade.

Na súa virtude, e ao abeiro do establecido no artigo 8 da Lei de sanidade animal e na disposición derradeira primeira do Real decreto 1025/1993, do 25 de xuño, polo que se establecen medidas para a loita contra a influenza aviaria, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. O obxecto da presente orde é establecer medidas específicas de protección contra a influenza aviaria.

2. A presente orde será de aplicación en todo o territorio nacional, coa excepción das zonas de protección, vixilancia ou outras zonas restrinxidas, que se delimitasen en caso de declararse un foco de influenza aviaria de alta patoxenicidade, nas cales se aplicarán, polo menos, as medidas establecidas na Decisión 2006/115/CE, da Comisión, do 17 de febreiro de 2006, relativa a determinadas medidas de protección fronte á gripe aviaria alta-

mente patóxena en aves silvestres na Comunidade e pola que se derrogan as decisións 2006/86/CE, 2006/90/CE, 2006/91/CE, 2006/94/CE, 2006/104/CE e 2006/105/CE.

Artigo 2. *Definicións.*

1. Para os efectos desta orde, serán de aplicación as definicións previstas no artigo 3 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal; no artigo 2 do Real decreto 1025/1993, do 25 de xuño, polo que se establecen medidas para a loita contra a influenza aviaria, e no artigo 2 do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de explotacións gandeiras.

2. Así mesmo, e para os efectos desta orde, enténdese como:

a) Aves de curral: todas as aves que se crían ou teñen en cativeiro co obxecto de producir carne, ovos para incubar e ovos destinados ao consumo, así como para producir outros produtos comerciais, repoñer as existencias de caza ou outras actividades cinexéticas, ou para a reprodución destas categorías de aves.

b) Aves silvestres: as aves que viven en liberdade e non en explotación.

c) Outras aves en cativeiro: calquera ave distinta das de curral, que se teñen en cativeiro para mostras, carreiras, exposicións e competición, como as aves ornamentais e as pombas de competición, ou por outras razóns distintas das expostas na alínea a).

d) Parque zoolóxico: todo establecemento permanente onde se manteñan animais de especies silvestres para a súa exposición ao público durante sete ou máis días ao ano, con excepción dos circos e as tendas de animais; ou un organismo, instituto ou centro oficialmente autorizado segundo se definen no artigo 2.1.c) do Real decreto 1881/1994, do 16 de setembro, polo que se establecen as condicións de policía sanitaria aplicables aos intercambios intracomunitarios e as importacións procedentes de países terceiros de animais, esperma, óvulos e embrións non sometidos, con respecto a estas condicións, ás disposicións contidas na sección I do anexo A do Real decreto 1316/1992, do 30 de outubro.

e) Explotación non comercial: a explotación en que os propietarios das aves de curral ou outras aves en cativeiro as teñen para consumo persoal ou para uso propio, ou como animais de compañía.

Artigo 3. *Zonas de especial risco.*

1. Considéranse factores de risco de introdución da influenza aviaria os seguintes:

a) Existencia de datos de recuperacións de aves procedentes de zonas en que se declararon focos de enfermidade ou doutras zonas consideradas de especial risco.

b) Densidade media elevada de aves migratorias nas zonas húmidas.

c) Densidade elevada de explotacións de aves de curral próximas a zonas húmidas, estanques, pantanos, lagos ou ríos onde as aves migratorias se poidan reunir.

d) Imposibilidade ou dificultade de evitar suficientemente o contacto entre as aves de curral ou outras aves en cativeiro e as aves silvestres.

2. Tendo en conta estes factores, considéranse como zonas de especial risco de introdución da influenza aviaria aquelas marismas, ribeiras, franxas costeiras ou lacustres e calquera outra zona húmida que figuran no anexo I.

Nos municipios situados en ou arredor destas zonas, incluídos no anexo II, adoptaranse as medidas específicas previstas nos artigos 5.1, 5.3 e 8.2, por razóns epidemiolóxicas, ecolóxicas ou xeográficas.

Artigo 4. *Zonas de especial vixilancia.*

1. Considéranse zonas de especial vixilancia para a detección precoz da influenza aviaria as áreas xeográficas que reúnan, polo menos, algún dos seguintes requisitos:

- a) Existencia de datos sobre concentracións elevadas de aves silvestres.
- b) Densidade elevada de explotacións de aves de curral próximas ás zonas de concentración de aves silvestres.
- c) Imposibilidade ou dificultade de evitar suficientemente o contacto entre as aves de curral ou outras aves en cativeiro e as aves silvestres.

2. Tendo en conta estes factores, considéranse como zonas de especial vixilancia para a detección precoz da influenza aviaria as zonas que figuran no anexo III e que comprenden os municipios ou parte destes que tamén figuran no citado anexo.

Nos municipios incluídos no anexo III adoptaranse as medidas específicas previstas nos artigos 5.2, 5.3 e 8.2.

Artigo 5. *Medidas de bioseguranza.*

1. Nos municipios incluídos no anexo II aplicaranse as seguintes prohibicións e obrigas:

- a) Queda prohibida a utilización de paxaros das ordes anseriformes e charadriiformes como reclamo durante a caza de aves.
- b) Queda prohibida a cría de patos e gansos con outras especies de aves de curral.
- c) Queda prohibida a cría de aves de curral ao aire libre. Non obstante, cando isto non sexa posible, a autoridade competente poderá autorizar o mantemento de aves de curral ao aire libre, mediante a colocación, se iso for posible, de teas paxareiras ou de calquera outro dispositivo que impida a entrada de aves silvestres, e sempre que se alimente e abebere as aves no interior das instalacións ou nun refuxio que impida a chegada de aves silvestres e evite o contacto destas cos alimentos ou a auga destinados ás aves de curral.
- d) Queda prohibido darlles auga ás aves de curral procedente de depósitos de auga aos cales poidan acceder aves silvestres, salvo en caso de que se trate esa auga co fin de garantir a inactivación de posibles virus de influenza aviaria.
- e) Os depósitos de auga situados no exterior requiridos por motivos de benestar animal para determinadas aves de curral quedarán protexidos suficientemente contra as aves acuáticas silvestres.
- f) Queda prohibida a presenza de aves de curral ou outro tipo de aves en cativeiro nos centros de concentración de animais definidos no artigo 3.7 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, incluíndo os certames gandeiros, mostras, exhibicións e celebracións culturais, así como calquera concentración de aves de curral ou outro tipo de aves en cativeiro ao aire libre. A este respecto, non se considerarán como aves en cativeiro as aves mantidas nun establecemento autorizado para a súa venda a particulares como ave de compañía, nin aquelas aves de curral mantidas nun establecemento comercial para a súa posterior venda polo miúdo a particulares.

Non obstante, a autoridade competente da comunidade autónoma ou das cidades de Ceuta e Melilla, en materia de sanidade animal, poderá autorizar as ditas concentracións sempre que se efectúe unha avaliación do risco que dea un resultado favorable.

2. Nas zonas do territorio nacional distintas dos municipios do anexo II, queda prohibida a presenza de aves de curral nos centros de concentración de animais definidos no artigo 3.7 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de

sanidade animal incluíndo os certames gandeiros, mostras, exhibicións e celebracións culturais. Non obstante, a autoridade competente da comunidade autónoma ou cidades de Ceuta e Melilla, en materia de sanidade animal, poderá autorizar as ditas concentracións sempre que se efectúe unha avaliación do risco que dea un resultado favorable.

Así mesmo, a autoridade competente poderá prohibir a presenza doutras aves en cativeiro nos centros de concentración de animais definidos no artigo 3.7 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, incluíndo os certames gandeiros, mostras, exhibicións e celebracións culturais, en función do resultado da avaliación de risco que se efectúe para o efecto.

3. Sen prexuízo do previsto no Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, a autoridade competente comprobará que os datos das explotacións situadas nos municipios incluídos nos anexos II e III, inscritos no Rexistro xeral de explotacións gandeiras, están completamente actualizados. Así mesmo, xestionará un rexistro administrativo en que se incluírán os seguintes datos das explotacións non comerciais, coa excepción daquelas que conteñan unicamente aves ornamentais domésticas, situadas neses municipios:

- a) Identificación do propietario e enderezo da explotación.
- b) Número habitual de aves e especie ou especies a que pertencen.
- c) Sistema de cría: cerrado, aberto, mixto.

Artigo 6. *Medidas en determinados parques zoolóxicos.*

1. A autoridade competente poderá decidir, tras unha avaliación do risco baseada, ao menos, nos criterios e factores previstos no anexo I da Decisión 2006/474/CE da Comisión, do 6 de xullo de 2006, relativa ás medidas para impedir a propagación da gripe aviaria altamente patóxena causada polo virus A de subtipo H5N1 ás aves que se encontren nos parques zoolóxicos e nos organismos, institutos ou centros oficialmente autorizados dos Estados membros e pola que se derroga a Decisión 2005/744/CE, que nos parques zoolóxicos sexan vacinadas como medida de protección determinadas ou todas as especies de aves sensibles, aplicándose o protocolo de vacinación de especies sensibles elaborado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

2. Para as aves que deban vacinarse, establécense os seguintes requisitos xerais de vacinación:

- a) As aves vacinadas deberán poder identificarse individualmente. Sempre que sexa posible, no momento da vacinación aplicarase unha identificación indeleble que indique que as aves foron vacinadas.
- b) Levarase un rexistro de identidade das aves vacinadas e da súa vacinación e conservarase un mínimo de dez anos, contado desde a data de vacinación.
- c) Todas as aves que vaian ser vacinadas nun parque zoolóxico serano o antes posible, e a vacinación finalizarase no prazo previsto no anexo II da Decisión 2006/474/CE, da Comisión, do 6 de xullo de 2006.
- d) As aves vacinadas non serán obxecto de intercambios comerciais nin de desprazamentos, a non ser que se efectúen entre parques zoolóxicos e baixo supervisión oficial cando se trate de desprazamentos dentro de España, ou que se leven a cabo na forma e condicións previstas no anexo II da Decisión 2006/474/CE, da Comisión, do 6 de xullo de 2006.
- e) Os produtos procedentes destas aves non se incorporarán á cadea alimentaria.
- f) A vacinación efectuarase baixo a supervisión dun veterinario oficial da autoridade competente.
- g) A vacina utilizarase de conformidade coas instrucións do fabricante e das autoridades veterinarias.

h) As cantidades residuais de vacina devolvanse ao punto de distribución de vacinas cun rexistro escrito do número de aves vacinadas e o número de doses utilizadas.

i) Sempre que sexa posible, tomaranse mostras de sangue antes da vacinación e, ao menos, trinta días despois desta, para efectuar probas serolóxicas da influenza aviaria. Conservarase un rexistro das probas, ao menos, durante dez anos.

Artigo 7. *Sistemas de detección precoz.*

1. Establécense os seguintes sistemas de detección precoz:

a) Toda persoa, e en especial os veterinarios, as organizacións de protección das aves silvestres, as asociacións de cazadores e outras organizacións interesadas deberanlle notificar sen demora á autoridade competente en sanidade animal calquera ocorrencia anormal de mortalidade ou abrochos significativos de enfermidade entre as aves silvestres, en particular as acuáticas.

b) Os titulares das explotacións onde se crían as aves de curral e outras aves en cativeiro, ou calquera outro propietario, criador ou persoal a cargo destas, notificaranlles sen demora ás autoridades competentes en sanidade animal a detección dalgún dos seguintes signos na explotación:

1.º Caída do consumo de penso e auga superior ao 20%.

2.º Caída na posta superior ao 5% durante máis de dous días seguidos.

3.º Mortalidade superior ao 3% durante unha semana, sen causa xustificada.

4.º Calquera signo clínico ou lesión post mórtem que suxira influenza aviaria.

2. Inmediatamente despois da notificación prevista no punto anterior e tras a valoración de risco pola autoridade competente en sanidade animal, se esta determínase que non pode ser excluída de forma preliminar a sospeita de influenza aviaria, a autoridade competente procederá a:

a) Tomar mostras adecuadas de aves mortas ou das vivas en caso de descensos dos parámetros de consumos e posta e, na medida do posible, doutras aves que estivesen en contacto cos exemplares afectados.

b) Realizar probas de detección da influenza aviaria nas mostras recollidas.

c) Aplicar as medidas que se establecen na normativa en vigor en relación coa aparición de sospeita da enfermidade.

3. Se os resultados das probas para detectar a presenza do virus da influenza aviaria altamente patóxico fosen positivos ou dubidosos, remitiranse mostras ao Laboratorio Nacional de Referencia co fin de descartar ou confirmar a enfermidade.

Artigo 8. *Programas de vixilancia e control en aves de curral e silvestres.*

1. No marco da Decisión 2006/101/CE, da Comisión, do 6 de febreiro de 2006, sobre a realización de programas de vixilancia da influenza aviaria en aves de curral e aves silvestres nos Estados membros en 2006, e co fin de dar cumprimento en prazo ao establecido nela, as autoridades competentes das comunidades autónomas remitirán de forma mensual á Subdirección Xeral de Sanidade Animal, do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, información relativa ao número de mostras tomadas por subpoboacións, así como os resultados obtidos, tanto

para o programa de aves de curral como para o de aves silvestres.

2. Como complemento ao sistema de detección precoz da enfermidade descrito no artigo 7, as autoridades competentes das comunidades autónomas en que existan zonas de especial risco ou de especial vixilancia realizarán, ás explotacións situadas dentro dos municipios incluídos nos anexos II ou III, visitas de control sanitario periódicas, ao menos unha vez por semana, e análises periódicas en función da avaliación do risco que efectúese a autoridade competente. Poderanse exceptuar as explotacións de aves do xénero «gallus».

Artigo 9. *Réxime sancionador.*

En caso de incumprimento do disposto nesta orde será de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, sen prexuízo das posibles responsabilidades civís, penais ou doutra orde que poidan concorrer.

Disposición transitoria única. *Zonas transitorias de especial vixilancia.*

Finalizada a duración das medidas que cumpra aplicar nas zonas de protección e vixilancia ante a declaración dun foco, nas zonas e municipios incluídos en ambas as zonas aplicaranse, durante ao menos os tres meses seguintes á dita finalización, as medidas previstas nesta orde para as zonas e municipios incluídos no anexo III.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a Orde APA/1922/2006, do 16 de xuño, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa influenza aviaria.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase de acordo co previsto no artigo 149.1.16.^a da Constitución, polo que se lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial del Estado, coa excepción dos números 1 e 2 do artigo 5, que serán de aplicación desde o 1 de setembro de 2006.

Madrid, 27 de xullo de 2006. A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, Elena Espinosa Mangana.

ANEXO I

Listaxe de zonas húmidas

Comunidade Autónoma de Andalucía

1. Parque Nacional de Doñana. Provincia de Huelva.
2. Parque Natural de Doñana e Cantaritas e Beta Adalíz. Provincias de Huelva e de Sevilla.
3. Parque Nacional de la bahía de Cádiz. Provincia de Cádiz.
4. Marismas del Odiel. Provincia de Huelva.
5. Preparque Este-Parque Natural Entorno de Doñana. Provincia de Sevilla.
6. Arrozales de Puebla e Villafranco. Provincia de Sevilla.
7. Arrozales de Isla Menor. Provincia de Sevilla.
8. Parque Natural de Doñana, Sector Sur. Provincia de Cádiz.

9. Parque Natural de Doñana, Sector Norte. Provincia de Huelva.

10. Playa del Parque Nacional de Doñana. Provincia de Huelva.

11. Canal de Guadaira. Provincia de Sevilla.

12. Salinas del Cerrilo. Provincia de Almería.

13. Embalse de Barbate. Provincia de Cádiz.

14. Marismas de Isla Cristina. Provincia de Huelva.

15. Embalse de Puente Nuevo. Provincia de Córdoba.

16. Balsa de Don Melendo. Provincia de Sevilla.

17. Laguna de Fuentedepiedra. Provincias de Málaga e Sevilla.

Comunidade Autònoma de Catalunya

1. Delta del Ebro. Provincia de Tarragona.

2. Aiguamolls de l'Empordà. Provincia de Girona.

3. Delta del Llobregat. Provincia de Barcelona.

Comunitat Valenciana

1. Albufera de Valencia. Provincia de Valencia.

2. La Marjal de Borrons (Xeresa). Provincia de Valencia.

3. La Marjal dels Moros. Provincia de Valencia.

4. Salinas de Santa Pola e Parque Natural de El Hondo de Elche. Provincia de Alicante.

5. La Marjal de Pego-Oliva. Provincia de Alicante.

6. La Mata de Torrevieja. Provincia de Alicante.

7. El Prat de Cabanes. Provincia de Castellón.

8. La Marjal d'Almenara. Provincia de Castellón.

Comunidade Autònoma de las Illes Balears

1. Albuferas del Nord de Mallorca.

Comunidade Autònoma de Cantabria

1. Reserva Natural de las Marismas de Santoña y Noja.

Comunidade Autònoma de Galicia

1. Complexo Intermareal do Grove-Umia-Carreirón. Provincia de Pontevedra.

Comunidade Autònoma de la Región de Murcia

1. Salinas de San Pedro del Pinatar.

ANEXO II

Municipios

Comunidade Autònoma de Andalucía

Provincia de Almería: municipios de: Ejido (El), Mojónera (La), Roquetas de Mar, Vícar.

Provincia de Cádiz: municipios de: Alcalá de los Gazules, Barrios (Los), Benalup, Castellar de la Frontera, Cádiz, Conil de la Frontera, Chiclana de la Frontera, Chipiona, Jerez de la Frontera, Jimena de la Frontera, Medina-Sidonia, Puerto de Santa María (El), Puerto Real, Rota, San Fernando, Sanlúcar de Barrameda, Trebujena.

Provincia de Córdoba: municipios de: Alcaracejos, Belmez, Espiel, Obejo, Pozoblanco, Villaharta, Villanueva del Rey, Villaviciosa de Córdoba.

Provincia de Huelva: municipios de: Aljaraque, Almonte, Ayamonte, Bollullos Par del Condado, Bonares, Cartaya, Chucena, Escacena del Campo, Gibraleón, Hinojos, Huelva, Isla Cristina, Lepe, Lucena del Puerto, Manzanilla, Moguer, Palos de la Frontera, Paterna del Campo, Punta Umbría, Rociana del Condado, San Juan del Puerto, Villablanca, Villalba del Alcor.

Provincia de Málaga: municipios de: Alameda, Antequera, Campillos, Fuente de Piedra, Humilladero, Mollina, Sierra de Yeguas, Teba.

Provincia de Sevilla: municipios de: Alcalá de Guadaira, Algaba (La), Almensilla, Almonte, Aznalcázar, Benacazón, Bollullos de la Mitación, Bormujos, Cabezas de San Juan (Las), Camas, Carmona, Castilleja de Guzmán, Castilleja del Campo, Castilleja de la Cuesta, Carrión del los Céspedes, Coria del Río, Cuervo (El), Dos Hermanas, Espartinas, Gelves, Ginés, Hinojos, Huévar, Isla Mayor, Lebrija, Madreña de Alcor, Madreña del Aljarafe, Palacios y Villafranca (Los), Palomares del Río, Pilas, Puebla del Río (La), Rinconada (La), Salteras, Sanlúcar la Mayor, San Juan de Aznalfarache, Santiponce, Sevilla, Tomares, Umbrete, Utrera, Valencina de la Concepción, Villamanrique de la Condesa, Viso del Alcor (El), Casariche, Estepa, Lora de Estepa, Martín de la Jara, Pedrera, La Roda de Andalucía.

Comunidade Autònoma de Catalunya

Provincia de Tarragona: municipios de: Amposta, Sant Carles de la Ràpita, Sant Jaume d'Enveja, Aldea, Ampolla, Camarles, Deltebre, Roquetes e Tortosa.

Provincia de Barcelona: municipios de: Begues, Castelldefels, Castellví de Rosanes, Cervelló, Corbera de Llobregat, Comellá del Llobregat, Espluges de Llobregat, Gavá, Martorell, Molins de Rei, Pallejá, La Palma de Cervelló, El Papiol, El Prat de Llobregat, Sant Andreu de la Barca, Sant Boi de Llobregat, Sant Climent de Llobregat, Sant Feliu de Llobregat, Sant Joan Despí, Sant Just Desvern, Sant Vicenç dels Horts, Santa Coloma de Cervelló, Torrelles de Llobregat, Vallirana, Viladecans, Barcelona, L'Hospitalet de Llobregat, Sitges, Castellbisbal, Sant Cugat e Rubí.

Provincia de Girona: municipios de: l'Armentera, Borrassá, Cabanes, Cadaqués, Castelló d'Empúries, Colera, l'Éscala, el Far d'Empordà, Figueres, Fortiá, Garrigás, Garriguella, Lançá, Masarac, Mollet de Peralada, Palau de Santa Eulàlia, Palau-Saverdera, Pau, Pedret i Marzá, Peralada, el Port de la Selva, Rabós, Riumors, Roses, Sant Miquel de Fluviá, Sant Mori, Sant Pere Pescador, Santa Llogaia d'Alguema, Saus, la Selva de Mar, Siurana, Torroella de Fluviá, Ventalló, Vilabertran, Viladamant, Vilafrant, Vilajuiga, Vilamacolum, Vilamalla, Vilamaniscle, Vila-sacra, Vilaür, Albons, Bellcaire d'Empordà, Garrigoles, Jafre, la Tallada, Torroella de Montgrí, Ullá, Verges e Vilopriu.

Comunidade Autònoma de las Illes Balears

Municipios de: Sa Pobla, Pollença, Alcudia, Muro e Santa Margalida.

Comunidade Autònoma de Cantabria

Municipios de: Ampuero, Argoños, Arnuero, Bárcena de Cicero, Bareyo, Colindres, Escalante, Hazas de Cesto, Laredo, Liendo, Limpías, Meruelo, Noja, Santoña, Solórzano, Rasines e Voto.

Comunidade Autònoma de Galicia

Provincia de Pontevedra: O Grove, Sanxenxo, Meaño, Ribadumia, Cambados, Vilanova de Arousa, A Illa de Arousa.

Comunidade Autònoma de la Región de Murcia

Municipios de: San Pedro del Pinatar, San Javier, Los Alcázares e Torre Pacheco.

Comunitat Valenciana

Provincia de València/Valencia: municipios de: Alfara de Algimia, Quart de les Valls, Benavites, Quartell, Faura, Benifairó de les Valls, Albal, Albalat de la Ribera, Alcàsser, Alfafar, Alfarp, Algemesí, Alginet, Almussafes, Benetússer, Benifaió, Beniparrell, Catarroja, Llocnou de la Corona, Massanassa, Paiporta, Picanya, Picassent, Sedaví, Silla,

Sollana, Sueca, Torrent, Valencia, Tavernes de la Valldigna, Benifairó de la Valldigna, Simat de la Valldigna, Xeraco, Xeresa, Barx, Pinet, Llutxent, Gandia, Daimús, Guardamar de la Safor, Benirredra, Bellreguard, Miramar, Almoines, Real de Gandia, Palma de Gandia, Rótova, Alfauir, Beniarjó, Benifla, L'Alqueria de la Comtessa, La Font d'en Carrós, Ador, Canet d'en Berenguer, Sagunto, Petrés, Gilet, Albalat del Tarongers, Náquera, Rafelbuñol, El Puig, Massamagrell, La Pobla de Farnals, Massalfassar, Albuixec, Museros, Oliva, Palmera, Rafelcofer, Potries, Piles, Villalonga e Puçol.

Provincia de Alacant/Alicante: municipios de: Adsubia, Vall de Gallinera, Vall de Ebo, Pego, Orba, La Vall de Laguar, Tormos, Sagra, El Rafol d'Almunia, Benimeli, El Verger, Els Poblets de la Marina, Ondara, Denia, Beniarbeig, Sanet i els Negrals, Benidoleig, Pedreguer, San Fulgencio, Dolores, Almoradí, Rojales, Guardamar del Segura, Formentera del Segura, Benijófar, Algorfa, Ori-

huela, San Miguel de Salinas, Los Montesinos, Torrevieja, Benejúzar, Pilar de la Horadada, Jacarilla, Albatera, Callosa de Segura, Catral, Cox, Crevillent, Daya Nueva, Daya Vieja, Elche, Granja de Rocamora, Rafal, San Isidro, Santa Pola.

Provincia de Castelló/Castellón: municipios de: Alcalá de Xivert, Les Coves de Vinromà, Vilanova d'Alcolea, Benlloch, Cabanes, Oropesa del Mar, Moncofa, La Vall d'Uixó, Chilches, La Llosa, Almenaras e Torreblanca.

Cidade de Ceuta

Municipio de Ceuta.

Cidade de Melilla

Municipio de Melilla.

ANEXO III

Zonas e municipios de especial vixilancia

Comunidade Autónoma de Andalucía

Provincia	Denominación da zona	Municipios ou parte deles
Almería	Salinas del Cerrilo	Berja, Dalías, Enix, Felix, Gádor, Almería.
Cádiz	Arrozales de Puebla e Villafranco. Arrozales de Isla Menor	Espera, Jerez de la Frontera, Sanlúcar de Barrameda, Trebujena.
	Laguna de Fuente de Piedra	Olvera, Setenil de las Bodegas.
	Parque Nacional de la bahía de Cádiz	Chipiona, Sanlúcar de Barrameda, Vejer de la Frontera.
	Embalse de Barbate	Barbate, Jerez de la Frontera, Paterna de Rivera, Tarifa, Vejer de la Frontera, San José del Valle, Cortes de la Frontera.
	Laguna de Fuente de Piedra	Aguilar de la Frontera, Benamejí, Encinas Reales, Lucena, Moriles, Palenciana, Puente Genil, Santaella.
Córdoba	Embalse de Puente Nuevo	Adamuz, Almodóvar del Río, Añora, Fuente Obejuna, Hinojosa del Duque, Peñarroya-Pueblonuevo, Villanueva de Córdoba, Villanueva del Duque, Córdoba.
	Arrozales de Puebla e Villafranco. Arrozales de Isla Menor	Chucena.
	Parque Natural y Nacional de Doñana	Aljaraque, Beas, Gibrleón, Niebla, La Palma del Condado, San Juan del Puerto, Trigueros, Villarrasa, Punta Umbría.
Huelva	Marismas del Odiel	Alonso, Beas, Bonares, Calañas, Isla Cristina, Niebla, Rociana del Condado, San Bartolomé de la Torre, Trigueros, Villanueva de los Castillejos.
	Marismas de Isla Cristina	Aljaraque, Gibrleón, Sanlúcar de Guadiana, San Silvestre de Guzmán, Villanueva de los Castillejos, Punta Umbría.
Málaga	Laguna de Fuente de Piedra	Almargen, Almogía, Álora, Archidona, Ardales, El Burgo, Cañete la Real, Carratraca, Cártama, Casabermeja, Casarabonela, Cuevas Bajas, Cuevas del Becerro, Cuevas de San Marcos, Pizarra, Ronda, Valle de Abdalajís, Villanueva de Algaidas, Villanueva del Rosario, Villanueva del Trabuco.

Provincia	Denominación da zona	Municipios ou parte deles
Sevilla	Laguna de Fuente de Piedra	Aguadulce, Algámitas, Badolatos, Los Corrales, Écija, Gilena, Herrera, Marinaleda, Osuna, Pruna, El Rubio, El Saucejo, Villanueva de San Juan.
	Canal de Guadaira	Albaida del Aljarafe, Alcalá del Río, Arahál, Benacazón, Brenes, Las Cabezas de San Juan, Gerena, Guillena, Los Molares, Olivares, Pilas, Sanlúcar la Mayor, Umbrete, Villamanrique de la Condesa, Villanueva del Ariscal.
	Parque Natural y Nacional de Doñana	Albaida del Aljarafe, Almensilla, Aznalcóllar, Bormujos, Las Cabezas de San Juan, Coria del Río, Dos Hermanas, Espartinas, Gelves, Mairena del Aljarafe, Olivares, Los Palacios y Villafranca, Palomares del Río, Utrera, Villanueva del Ariscal, El Cuervo de Sevilla, Sevilla.
	Balsa de Don Melendo	Arcos de la Frontera, Espera, Trebujena, Aznalcázar, Dos Hermanas, Los Palacios y Villafranca, Isla Mayor.
	Arrozales de Puebla e Villafranco. Arrozales de Isla Menor	Albaida del Aljarafe, Camas, Carrión de los Céspedes, Castilleja de Guzmán, Castilleja de la Cuesta, Espartinas, Gines, Huévar del Aljarafe, Los Molares, Olivares, Pilas, Salteras, San Juan de Aznalfarache, Sanlúcar la Mayor, Santiponce, Tomares, Valencina de la Concepción, Villanueva del Ariscal, El Cuervo de Sevilla.

Comunidade Autónoma de Aragón

Provincia	Denominación da zona	Municipios ou parte deles
Zaragoza-Teruel	Laguna de Gallocanta	Torralba de los Frailes, Used, Las Cuerlas, Bello, Gallocanta, Santed, Valconchán, Daroca, Valdehorna, Val de San Martín, Berruete, Villanueva, San Martín del Río, Báguena, Castejón de Tornos, Burbáguena, Calamocha, Tornos, Torralba de los Sisonos, Fuentes Claras, Caminreal, Torrijo del Campo, Monreal del Campo, Pozuelo del Campo, Blancas, Odón.
Zaragoza	Estanca del Gancho	Ejea de los Caballeros, Sádaba, Biota, Asín, Orés, Luna, Erla, Sierra de Luna, Castejón de Valdejasa, Tauste.
	Galacho de la Alfranca	Pastriz, La Puebla de Alfindén, Perdiguera, Alfajarín, Farlete, Nuez de Ebro, El Burgo de Ebro, Villafranca de Ebro, Osera de Ebro, Fuentes de Ebro, Mediana de Aragón, Valmadrid, María de Huerva, Cadrete, Cuarte, Zaragoza, Villanueva de Gállego.
Zaragoza-Huesca	Cola del embalse de Ribarroja-Aiguabarreig	Mequinenza, Torrente de Cinca, Fraga, Candasnos, Fayón, Nonaspe, Fabara, Caspe.
Huesca	Laguna de Sariñena	Sariñena, Capdesaso, Lalueza, Alberuela de Tubo, Huerto, Torres de Alcanadre, Peralta de Alcofea, Monzón, Ilche, San Miguel del Cinca, Castelflorite, Alcolea de Cinca, Ontiñena, Villanueva de Sigena, Sena, Castejón de Monegros, Lanaja, Albalatillo, Alcubierre, Poleñino, Grañén.
	Laguna de Candasnos	Candasnos, Ontiñena, Villanueva de Sigena, Sena, Chalamera, Ballobar, Velilla de Cinca, Fraga, Peñalba, Bujaraloz, Valfarta.
	Embalse de la Sotonera	Alcalá de Gurrea, Lupiñén-Ortilla, Loscorrales, La Sotonera, Banastás, Chimillas, Alerre, Huesca, Vicién, Sangarrén, Tardienta, Almudévar, Gurrea de Gállego, Zuera, Las Pedrosas, Sierra de Luna, Luna, Marracos, Piedratayada, Puendeluna, Valpalmas, Ardisa, Viscarrués, Santa Eulalia de Gállego, Ayerbe.

Comunidade Autónoma do Principado de Asturias

Provincia	Denominación da zona	Municipios ou parte deles
Asturias	Sector Ría del Eo-Tapia	Vegadeo, Castropol e Tapia.
	Sector Ría de Villaviciosa	Villaviciosa.
	Sector Ría de Ribadesella	Ribadesella.
	Sector Humedales del Área Central (Embalses)	Gozón, Corvera e Gijón.

Comunidade Autónoma de las Illes Balears

Provincia	Denominación da zona	Municipios ou parte deles
Illes Balears	Es Salobrar de Campos	Campos, Ses Salines.
	Son Navata	Felanitx.
	Albufera des Grau	Maó.
	Es Lluriac e Tirant	Es Mercadal.
	Parc Natural Ses Salines e Ses Feixes	Formentera, Sant Josep, Santa Eularia, Eivissa.

Comunidade Autónoma de Canarias

Provincia	Denominación da zona	Municipios ou parte deles
Las Palmas	El Saladar de Jandia	Jandia.

Comunidade Autónoma de Cantabria

Provincia	Denominación da zona	Municipios ou parte deles
Cantabria	Bahía de Santander	Santander, Camargo, Astillero, Marina de Cudeyo, Ribamontan al Mar.
	Embalse del Ebro	Campo de Yuso, En Medio, Las Rozas de Valdearroyo e Reinosa.
	Rías Occidentales	Comillas, San Vicente de la Barquera, Udías, Val de San Vicente, Valdáliga.

Comunidade Autónoma de Cataluña

Provincia	Denominación da zona	Municipios ou parte deles
Girona	Estanys de Pals i la desembocadura del Ter	Pals.
Lleida	Sant Llorenç de Montgai	Camarasa i Os de Balaguer.
	Utxesa	Torres de Segre i Sarroca de Lleida.
	Estany d'Ivars i Vila-sana	Ivars d'Urgell i Vila-sana.
	Pantans de Sucs i de Raimat	Almacelles i Lleida.
	Aiguabarreig del Segre Cinca	Aitona, La Granja d'Escarp, Massalcoreig i Seròs.

Comunidade Autónoma de Castilla-La Mancha

Provincia	Denominación da zona	Municipios ou parte deles
Albacete	Laguna de Pétrola	Pétrola e Chincilla de Monte Aragón.

Provincia	Denominación da zona	Municipios ou parte deles
Ciudad Real	Embalse del Vicario	Miguelturra.
	Embalse de Gasset	Fernáncaballero.
	P.N. Tablas de Daimiel	Daimiel e Villarrubia de los Ojos.
	Laguna del Camino de Villafranca	Alcázar de San Juan.
	Embalse de la Vega del Jabalón	Granátula de Calatrava e Calzada de Calatrava.
Cuenca	Laguna de Manjavacas	Mota del Cuervo.
	Laguna del Hito	Hito e Montalvo.
	Embalse de Alarcón	Alarcón, Olmedilla de Alarcón, Cañadajuncosa, Buenache de Alarcón, Honrubia, Hontecillas, Valverde de Júcar, Castillo de Garcimuñoz, La Almarcha, Olivares de Júcar, Villaverde y Pasaconsol, Belmontejo, Albaladejo del Cuende.
	Embalse de Buendía	Villar del Infantado, Castejón, Alcocer, Cañaveruela, Alcohujate, Sacedón, Buendía, Villalba del Rey, Portalrubio de Guadajamud, Canalejas del Arroyo e Albendea.
Guadalajara	Embalse de Bolarque	Pastrana, Buendía, Almonacid de Zorita, Sacedón, Sayatón e Muñón.
Toledo	Lagunas Grande e Chica de Villafranca	Villafranca de los Caballeros.
	Embalse de Castrejón	Polán, Puebla de Montalbán, Burujón.
	Embalse de Azután	Calera y Chozas, Belvis de la Jara, Las Herencias, Aldeanueva de Barbarroja, Alcolea del Tajo, Navalmoralejo, Azután e Sevilleja de la Jara.
	Embalse de Navalcán	Navalcán, Oropesa, Parrilla e Velada.
	Embalse de Rosarito	Oropesa, Lagartera e Calzada de Oropesa.
	Embalse de Cazalegas	San Román de los Montes, Lucillos, Cardiel de los Montes, Castillo de Bayuela e Cazalegas.
	Embalse del Finisterre	Mora, Turleque e Tembleque.
	Laguna del Taray	Quero.
	Lagunas de la Dehesa de Monreal	Dos Barrios.
	Charcones de Miguel Estebán	Miguel Estebán.
	Graveras El Puente	Seseña.
	Río Tajo-Seseña-Toledo	Seseña, Borox, Añover de Tajo, Villaseca de la Sagra, Mocejón e Toledo.

Comunidade Autónoma de Castilla y León

Provincia	Denominación da zona	Municipios ou parte deles
Ávila	Embalse de Rosarito	Candeleda.
	Laguna del Oso	Pozanco, Peñalba de Ávila, Vega de Santa María, Blasco-sancho, Villanueva de Gómez, El Bohodón, Tiñosillos, San Pascual, Pedro Rodríguez, Cabizuela, Las Berlinas, Monsalupe, El Oso, Gotarrendura, Hernansancho, Patatrigo, Ríocabado, Aveinte, San Juan de la Encinilla, Narros de Saldueña, Muñomer del Peco.
Burgos	Embalse del Ebro	Arija, Alfoz de Santa Gadea, Alfoz de Bricia, Valle de Valdebezana, Merindad de Valdeporres.

Provincia	Denominación da zona	Municipios ou parte deles
León	Laguna de Villadangos del Páramo	Villadangos del Páramo, Valverde de la Virgen, Chozas de Abajo, Santovenia de la Valdoncina, Bustillo del Páramo, Hospital de Órbigo, Benavides de Órbigo, Santa Marina del Rey, Turcia.
	Lago Carucedo	Puente de Domingo Flórez, Toral de los Vados, Carracedo, Sobrado, Coriullón, Villadecanes, Ponferrada, Prianza del Bierzo, Benuza.
	Embalse de Selga de Ordás	Carrocera, Rioseco de Tapia, Santa María de Ordás, Las Omañas, Valdesamario, Riello, Los Barrios de Luna, La Robla.
Palencia	Laguna de la Nava de Fuentes	Paredes de Nava, Becerril de Campos, Villaumbrales, Grijota, Villamartín de Campos, Pedraza de Campos, Baquerín de Campos, Castromocho, Abarca de Campos, Autillo de Campos, Fuentes de Nava, Frechilla, Torremormojón, Villarramiel, Mazariegos de Campos.
	Laguna de Boada	Abarca de Campos, Castromocho, Baquerín de Campos, Pedraza de Campos, Torremormojón, Boada de Campos, Capillas, Villarramiel, Meneses de Campos, Ampudia, Castil de Vela, Villerías de Campos, Belmonte de Campos, Autillo de Campos. Montealegre (Valladolid), Tamariz de Campos (Valladolid), Villabruz de Campos (Valladolid).
Salamanca	Embalse de Santa Teresa	Fresno-Alhándiga, La Maya, Pedrosillo de los Aires, Berrocal de Salvatierra, Guijuelo, Gijoo de Ávila, Fuentes de Béjar, Cabeza de Béjar, Santibáñez de Béjar, Puente del Congosto, Cespadosa de Tormes, La Tala, Armenteros, Horcajo-Medianero, Galinduste, Galisancho, Pelayos, Montejo, Pizarral, Aldeavieja de Tormes, Salvatierra de Tormes, Sieteiglesias de Tormes, Beleña, Anaya de Alba.
	Azud de Riobobos	Aldeaseca de la Frontera, Paradinas de San Juan, Zorita de la Frontera, Palaciosrubios, Villaflores, Cantalpino, Arabayona de Mogica, Villorueta, Villoría, Moriñigo, Ventosa del Río Almar, Villar de Gallimazo, El Campo de Peñaranda, Poveda de las Cintas.
Segovia	Lagunas de Cantalejo	Cabezuela, Sauquillo de Cabezas, Aguilafuente, Navalilla, Lastras de Cuellar, Veganzones, Puebla de Pedraza, Cantalejo, Sebulcor, Fuenterrebollo.
	Embalse del Pontón Alto	Torrecaballeros, Segovia, Palazuelos, San Idelfonso, La Lastrilla, Trescasas, San Cristóbal de Segovia.
Soria	Embalse de Monteagudo de las Vicarias	Fuentelmonge, Cañamaque, Almaluez, Arcos de Jalón, Santa María de Huerta.
Valladolid	Laguna de Tamariz	Villabaruz, Gatón, Villanueva, Moral de la Reina, Cuenca de Campos, Berrueces, Ceinos, Villafrades, Palacios de Campos, Medina de Rioseco.
	Embalse de San José	Villafranca de Duero, Alaejos, Castronuño, San Román de Hornija, Sieteiglesias, Pollos.
Zamora	Lagunas de Villafáfila	Cañizo, Castronuevo, Granja de Moreruela, Manganesos de Lampreada, Revellinos, San Agustín del Pozo, San Martín de Valderaduey, Santovenia, Tapioles, Vidayanes, Villadeza del Agua, Villafáfila, Vilalba de la Lampreana, Villardaga, Villarrín de Campos.
	Embalse de Ricobayo	Almendra, Castillo de Alba, El Campillo, Manzanal del Barco, Muelas del Pan, Ricobayo, Vide de Alba, Villafior, Villanueva de los Corchos.

Comunidade Autónoma de Extremadura

Provincia	Denominación da zona	Municipios ou parte deles
Cáceres	Embalse de Sierra Brava	Zorita, Campo Lugar.
	Embalse de Valdecañas	Valdehúncar, Navalmoral de la Mata; Peraleda de San Román, Bohonal de Ibor, mesa de Ibor, El Gordo, Berrocalejo, Peraleda de la Mata, Belvis de Monroy, Casas de Monroy e Valdecañas del Tajo.
Badajoz	Embalse de Los Canchales	Mérida, Montijo.
	Embalse de Los Conejos	Llerena.

Comunidade Autónoma de Galicia

Provincia	Denominación da zona	Municipios ou parte deles
A Coruña	Ría de Ortigueira	Ortigueira e Cariño.
	Lagoas de Vixán e Corrubedo	Ribeira, Porto do Son.
Lugo	Ría de Ribadeo	Ribadeo e Trabada.
Ourense	Lagoa de Antela	Vilar de Santos, Sandiás, Porqueira, Xinzo de Limia, Rairiz de Veiga.
Pontevedra	Esteiro do Miño	A Guarda, O Rosal, Tomiño e Tui.
	Enseada de San Simón	Pontevedra, Soutomaior, Redondela, Moaña, Vilaboa, Marín.
	Franxa sobre zona de risco do Grove	Vilagarcía de Arousa, Meis, Poio.

Comunidade Foral de Navarra

Provincia	Denominación da zona	Municipios ou parte deles
Navarra	Arrozales de Arguedas	Arguedas, Tudela.
	Laguna de Pitillas	Pitillas.
	Zúñiga	Zúñiga.
	Los Arcos	Los Arcos.

Comunidade Autónoma de La Rioja

Provincia	Denominación da zona	Municipios ou parte deles
La Rioja	Embalse de Leiva	Leiva –Tormantos.
	Arrozales de Cofin	Alfaro.
	Soto del Estajao	Alfaro.
	Pantano de la Grajera	Logroño.

Comunitat Valenciana

Provincia	Denominación da zona	Municipios ou parte deles
Alacant/Alicante	Municipio de Gorga, Municipio de Alicante	Gorga, Alicante.
Castelló/Castellón	Municipio de Vall D'alba, Municipio de Traiguera, Municipio de Canet, Municipio de Lo Roig e Municipio de Albocàsser	Vall D'alba, Traiguera, Canet Lo Roig e Albocàsser.
València/Valencia	Municipio de Quart de Poblet, Municipio de Sinarcas, Municipio de Chiva e Municipio de La Pobla Llarga	Quart de Poblet, Sinarcas, Chiva e La Pobla Llarga.